PESCAMOS IDEAS

**O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro GOLFO ÁRTABRO NORTE é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar para a xestión das AXUDAS do FEMP 2014-2020 no ámbito territorial que abarca dende Narón ata Paderne.**


GALICIA 2014-2020
Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte

Rúa Curro, 33 - Casa do Pescador
15630 Miño - A Coruña, Spain
Telf: 981 784 417
galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal
www.galp.xunta.gal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP)


# PESCAMOS IDEAS

# OBXECTIVOS

Todos os proxectos que se presenten a esta liña de axudas terán que ser coherentes cos obxectivos do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e a Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro GOLFO ÁRTABRO NORTE.

**OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS:**

**Obxectivo estratéxico 1.**
Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción de mocidade, en especial a través do aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños.

- Fomentar a posta en marcha de novas actividades empresariais vinculadas ao sector do mar que acheguen máis valor a nivel local.
- Asegurar o relevo xeracional para manter a continuidade da actividade e tradición pesqueira como base económica sostible no territorio.
- Conseguir a plena igualdade de oportunidades no acceso e desenvolvemento das actividades no sector pesqueiro.

**Obxectivo estratéxico 2.**
Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego.

- Converter o turismo e o propio turismo mariñeiro, en particular, nun novo motor económico no territorio.

**Obxectivo estratéxico 3.**
Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono.

- Loita contra o cambio climático e os seus efectos.
- Acadar un medio natural sostible.

**Obxectivo estratéxico 4.**
Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras.

- Aumentar o coñecemento de elementos patrimoniais relacionados co mar na zona costeira.

**Obxectivo estratéxico 5.**
Reforzo da comunidade no desenvolvemento local e da gobernanza, dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

- Articular dispositivos de participación para acadar espazos de creación de emprego.

**Obxectivo estratéxico 6.**
Fomento da cooperación.

- Implantar un modelo de traballo no territorio GALP para o emprendemento social.




@galpgolfoartabronorte16 · @GALP_NORTE · galpgolfoartabronorte · galpgolfoartabronorte

# ENTIDADES

O GALP Golfo Ártabro Norte ten un total de 36 entidades socias, das cales o 16,67% pertence ao sector pesqueiro, mentres que o sector público supón o 27,78%. As entidades que representan o sector social son o 47,22% e as que representan o sector económico, o 8,33%.

## CONFRARÍAS

Confraría de Pescadores de Miño
Confraría de Pescadores de Pontedeume
Confraría de Pescadores de Barallobre
Confraría de Pescadores de Ares
Confraría de Pescadores de Mugardos
Confraría de Pescadores de Ferrol

## CONCELLOS

Concello de Paderne
Concello de Miño
Concello de Pontedeume
Concello de Cabanas
Concello de Ares
Concello de Mugardos
Concello de Fene
Concello de Neda
Concello de Ferrol
Concello de Narón

## CLUB ASOCIACIÓNS

Club do Mar de Mugardos
Club Náutico Ría de Ares
Club Cabanas KDM
Club Náutico de Miño
Club Náutico Firrete de Pontedeume
Club de Remo Narón
Club de Remo Ares
Asociación Cultural y Deportiva Scuba de Ares
Asociación de Piragüismo de Narón
Asociación de Veciños San Estebo de Quintas - Paderne
Asociación de Turismo Sostible de A Coruña - Paderne
Asociación de Custodia do Patrimonio Cultural Vedoreira - Paderne
Asociación Empresarios Turísticos Refuxios do Río Mandeo de Paderne
Ardobriga, Asociación Cultural para proteción do patrimonio - Pontedeume
Asociación Recreativa Pescadores de Caaveiro - Pontedeume
Asociación Veciños San Pantaleón - Paderne
Asociación Parroquial Santa María de Miño
Asociación Cultural, Recreativa e Deportiva O Castro - Miño
Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrolterra
Asociación de Veciños Os Irmandiños de Narón

# ÁMBITO XEOGRÁFICO

Os proxectos, as actividades e os investimentos subvencionables dentro do programa FEMP 2014-2020, estarán localizados nos Concellos de ARES, CABANAS, FENE, FERROL*, MIÑO, MUGARDOS, NARÓN, NEDA, PADERNE E PONTEDEUME.

# BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias as persoas físicas e xurídicas, así como calquera outro tipo de organizacións como confrarías de pescadores, asociacións do sector pesqueiro e as súas federacións, asociacións sen ánimo de lucro e entidades públicas locais.

* Ferrol non computa a totalidade de poboación. Consultar GALP.





# REQUISITOS

Os beneficiarios destas axudas deberán estar empadroados ou ter o seu domicilio social e fiscal nalgún dos concellos do GALP Golfo Ártabro Norte.

Os beneficiarios deberán desenvolver o proxecto no mesmo ámbito territorial.

# TRÁMITES E REQUISITOS

Pódese consultar todo o procedemento nas seguintes ligazóns:
**https://galp.xunta.gal/golfo-artabro**
**https://galpgolfoartabronorte.blogspot.com.es**

Os proxectos que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica.
Os proxectos de interese público, que mesmo constituíndo unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio de que se trate.

# PROXECTOS NON PRODUTIVOS



A porcentaxe da axuda ascenderá ao **50%** do gasto subvencionable, podendo chegar ao **100%** nalgúns casos.

# PRAZO ATA O 1 MARZO

# PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Na sede electrónica da Xunta de Galicia:
**https://sede.xunta.gal**
**(procedemento PE155A)**.

As memorias para a elaboración do proxecto están dispoñibles na páxina web da Consellería do Mar
**www.xunta.gal/mar**

e/ou no noso blog.
**www.galpgolfoartabronorte.blogspot.com.es**



# PROXECTOS PRODUTIVOS

Actividades que supoñan a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que impliquen a creación e/ou mantemento de emprego.
Proxectos para investimentos produtivos acollidos a "mínimis", obrigatorio a creación como mínimo dun posto de traballo a tempo completo (1 UTA).





# PORCENTAXE DE AXUDA

A porcentaxe da axuda ascenderá ao **50%** do gasto subvencionable, podendo chegar ao **80%** nalgúns casos.



# BENEFICIARIOS CONXUNTOS

Os beneficiarios, tanto de proxectos produtivos como non produtivos, poderán solicitar axudas conxuntamente, coma unha agrupación de entidades.

Deberán facer constar expresamente os compromisos na execución das accións e os importes da subvención solicitada por cada unha delas.

# COOPERACIÓN

Proxectos que formulen promotores dun GALP xunto con promotores doutros GALP galegos.

Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte
2014-2020
GALICIA